

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2018

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2018 o seu vigésimo quinto ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas aos estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenrolo cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

O Presidente do Padroado da FUNDACIÓN NOVAS, D. Jesús Portela Medraño, cumprindo un acordo do resto dos integrantes da directiva da nosa entidade, recolleu diversas propostas para investir o capital da Fundación e poder obter un maior rendemento para así poder adicar os cartos aos fins establecidos nos nosos Estatutos. Tras analizar, previa consulta coa asesoría xurídica e financeira coa que traballamos, o Padroado tomou o acordo de seguir mantendo diversificado este capital.

Por outra parte, o Padroado da Fundación tomou o acordo de conceder as seguintes axudas:

- 1.000,00 € á organización do Festival de Curtametraxes de Bueu. Estes cartos premian á mellor curtametraxe galega presentada a este concurso internacional de cine.
- Así mesmo síguese co sostemento do equipo de fotocopiadora e os seus consumos da biblioteca e a conexión a internet que ascenden a 1.965,20 €.

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2018 da Fundación que presido.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado